



**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

**Actividade** Convocatoria sesión extraordinaria Pleno  
**Número expediente** PLN/2024/8

**PLN/2024/8.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Sendo as dezanove horas e corenta e cinco minutos do vinte e nove de maio do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

<b>Cadro de asistencia</b>	
<b>Concelleiro/a</b>	<b>Asistencia</b>
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel KuntzPeiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Iván Martínez González	Asiste





Concello de Mugarbos  
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora, Dna. Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

#### A) PARTE RESOLUTIVA

**1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 24.04.2024 (2024-0006) E 13.05.2024 (2024-0007).** Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 24.04.2024

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 13.05.2024

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:





Concello de Mugarbos  
(A Coruña)

Grupo municipal	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
Sentido do voto	4 a favor e abstención de Jorge Kuntz Peiteado	2 a favor e abstención de Evaristo Deus Deus	A favor	A favor

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

**2º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 848/2023.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2024-0534 DE DATA 06.05.2024, SOBRE PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS SOLICITUDE.-** Elévase á consideración do Pleno, previa toma en coñecemento pola Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio ambiente e TICs en sesión ordinaria realizada con data 16.05.2024, para a súa ratificación se así procede, a Resolución de Alcaldía núm. 2024-0534 de data 06.05.2024: **“Asunto: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS SOLICITUDE**

O Pleno da Corporación en sesión realizada o día 08 de febreiro 2024, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión realizada o 24 de novembro do 2023 (publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 227, do 28 de novembro do 2023) e posteriormente modificadas mediante acordo plenario de 22 de decembro do 2023 para corrixir a Base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios (publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 245, do 27 de decembro do 2023).

A Deputación Provincial da Coruña mediante notificación de data 21 de marzo de 2024 (NRE 2024-E-RC-1243) require a este concello a corrección das deficiencias detectadas no Anexo I (certificación do acordo plenario de solicitude) en relación a denominación xenérica da obra de “Renovación de alumeado público no Concello de Mugarbos”, incluída no Plan Complementario.

Visto que en data 02.05.2024 o redactor do proxecto de “Renovación de alumeado público no Concello de Mugarbos” presentou un novo proxecto corrixido e cunha nova denominación adaptada ao requerimento efectuado pola Deputación Provincial da Coruña, denominado “Renovación de alumeado público no núcleo do Seixo no Concello de Mugarbos”.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Así mesmo e tendo en conta que en función do requirimento realizado pola Deputación Provincial (NRE 2024-E-RC-1246, de 21 de marzo de 2024), lévase a cabo a emenda das deficiencias técnicas advertidas no proxecto “Mellora da envolvente térmica na Casa da Cultura de Mugardos” de xeito que o seu importe total pasa a ascender a 143.593,47 €.

Dando cumprimento ao requirimento da Deputación Provincial da Coruña en relación ao Anexo I de solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”, por motivos de urxencia, de forma que o expediente poda ser elevado á aprobación polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, ao abeiro do establecido no art. 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e da habilitación conferida mediante acordo adoptado polo Pleno municipal con data 08.02.2024, **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Subsanan a denominación da obra incluída no Plan Complementario do ano 2024 que presentaba unha denominación xenérica “Renovación de alumeado público no Concello de Mugardos” pasando a denominarse “Renovación de alumeado público no núcleo do Seixo do Concello de Mugardos” e modificar o importe total da obra “Mellora da envolvente térmica na Casa da Cultura de Mugardos” quedando polo tanto o acordo adoptado da seguinte maneira:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2024” e con cargo á “achega provincial 2023”:

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2024:**

	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2023 (Excepción da base 2.1 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2024	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Achega municipal		IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello		
MELORA DA ENVOLVENTE TÉRMICA NA CASA DA CULTURA	143.593,47 €	-	0,00 €	-	143.593,47 €
<b>Subtotal investimentos achega</b>	<b>143.593,47 €</b>	<b>-</b>	<b>0,00 €</b>	<b>-</b>	<b>143.593,47 €</b>





Concello de Mugar dos  
(A Coruña)

provincial 2024					
-----------------	--	--	--	--	--

ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN O MONTE (SANTIAGO DE FRANZA)	111.358,22 €	-	0,00 €	-	111.358,22 €
Subtotal investimentos achega provincial 2023	111.358,22 €	-	0,00 €	-	111.358,22 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución da débeda do concello coa deputación (préstamo provincial)	Deputación
Achega provincial 2024 aplicada á redución da débeda	
Achega provincial 2023 aplicada á redución da débeda	
<b>Subtotal redución da débeda do concello coa deputación</b>	

D) **Resumo:**

POS+ 2024 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total	
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello		
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2024					
	Achega 2023 (Excep. base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2024	143.593,49 €	-	0,00 €	-	143.593,49 €
	Achega 2023	111.358,22 €	-	0,00 €	-	111.358,22 €





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

<b>C- REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO COA DEPUTACIÓN</b>	Achega 2024					
	Achega 2023					
<b>D- TOTAL</b>	Achega 2024					
	Achega 2023					
	<b>TOTAL</b>	<b>254.951,71 €</b>	<b>-</b>	<b>0,00 €</b>	<b>-</b>	<b>254.951,71 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles</b>  (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	<b>(A) Orzamento de contrata</b>	<b>(B) IVE soportado deducible</b>  (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	<b>(C)=A-B Orzamento subvencionable</b>  (Diferenza entre a columna A e a B)
<b>MELLORA DE CAMIÑOS DO CONCELLO DE MUGARDOS: CAMIÑO DA ESTACIÓN</b>	70.322,50 €	0,00 €	70.322,50 €
<b>RENOVACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NO NÚCLEO DO SEIXO DO CONCELLO DE MUGARDOS</b>	76.720,95 €	0,00 €	76.720,95 €
<b>TOTAIS</b>	<b>147.043,45 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>147.043,45 €</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos en función da documentación achegada, augas e servidumes para a execución dos investimentos, debendo proceder a solicitar as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias con carácter previo ao remate do prazo marcado para presentar a solicitude de axuda.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2024 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**SEGUNDO.-** Ratificar a presente resolución na seguinte sesión do Pleno da Corporación que se celebre.

**TERCEIRO.-** Dar conta da presente Resolución á Comisión Informativa de Obras, Servizos Medio Ambiente e TICs na primeira sesión ordinaria que realice para os efectos previstos no artigo 126.2º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Primeira quenda de intervencións	
Alcalde : explica el sentido de la resolución	
Portavoz PSdG-PSOE	Adianta a abstención do seu grupo por considerar que se trata dunha incidencia de carácter técnico.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(2)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	A favor

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Prestar aprobación á ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 2024-0534 de data 06.05.2024, nos seus propios termos.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

**3º.-SECRETARÍA.-EXPEDIENTE 848/2023.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2024-0535 DE DATA 06.05.2024, SOBRE PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. APROBACIÓN PROXECTOS CORRIXIDOS.-** Elévase á consideración do Pleno, previa toma en coñecemento pola Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio ambiente e TICs en sesión ordinaria realizada con data 16.05.2024, para a súa ratificación se así procede, a Resolución de Alcaldía núm. 2024-0535 de data 06.05.2024:

**“Asunto: PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024. APROBACIÓN PROXECTOS CORRIXIDOS**

O Pleno da Corporación en sesión realizada o día 08 de febreiro 2024, acordou participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases foron aprobadas polo Pleno da deputación na sesión realizada o 24 de novembro do 2023 (publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 227, do 28 de novembro do 2023) e posteriormente modificadas mediante acordo plenario de 22 de decembro do 2023 para corrixir a Base 12.4 do POS+Adicional 1/2024 para gastos sociais extraordinarios (publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 245, do 27 de decembro do 2023).

A Deputación Provincial da Coruña mediante notificación de data 21 de marzo de 2024 (NRE 2024-E-RC-1246) require a este concello a corrección do proxecto de “Mellora da envolvente térmica na Casa da Cultura de Mugardos”.

Visto que as persoas redactoras do proxecto presentaron, nova documentación técnica emendando as deficiencias observadas, dando cumprimento ao requerimento efectuado pola Deputación Provincial da Coruña segundo consta en termos xerais en informe técnico municipal de data 06.05.2024, pola presente ao abeiro da habilitación conferida mediante acordo adoptado polo Pleno con data 08.02.2024 e do indicado no artigo 21.1º.k) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, sendo necesario poder remitir a documentación de referencia para os efectos da súa aprobación polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña, por medio da presente **RESOLVO**:

1º.- Prestar aprobación, ao proxecto: “Mellora da envolvente térmica na Casa da Cultura de Mugardos”, polo importe de 143.593,47 euros, IVE incluído, redactado pola arquitecta Dna. Carolina Martínez Vila e asinado dixitalmente en data 06.05.2024, e que figura incluído na achega provincial 2024 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2024.

2º.- Queda, en consecuencia, sen efecto a aprobación do proxecto, efectuada por acordo plenario do día 08.02.2024.







Concello de Mugardos  
(A Coruña)

3º.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre para a súa ratificación así como á Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs para os efectos previstos no artigo 126.2º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Alcalde</b>	Explica o sentido e obxecto da Resolución
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Trátase dunha cuestión técnica. Xa se advertiu en sesións plenarias previas que terían que someterse novamente a consideración deste órgano colexiado por canto os proxectos tiñan erros por telos redactado a última hora. Polo que recomenda ao grupo de gobernó que adianten as súas propostas para poder acordalas e así acadarían mellores resultados. Lembra que hai obras pendentes do ano 2021 e que hai concellos que xa están a licitar as obras do ano 2024. Reitera que por tratarse dun tema técnico se van a abster.
<b>Alcalde</b>	Por tratarse dun tema técnico, non vai a polemizar.

<b>Segunda quenda de intervencións</b>	
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Tras lembrar ao Alcalde cáles son as súas responsabilidades na tramitación dos proxectos no POS negando que teña afirmado que non da lectura á documentación técnica, cita algún exemplos de actuacións pendentes de execución.
<b>Portavoz PP</b>	Replica que pese a que existan cuestións de carácter técnico que non lle correspondan sí considera que debe proceder como concelleiro a examinar os seus contidos.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	Abstención	Abstención	A favor.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Ratificar a Resolución de Alcaldía núm. 2024-0535 de data 06.05.2024 nos seus propios termos.

**4º.- SECRETARIA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE REXISTRO DE AUDIOS DAS SESIÓNS PLENARIAS.-**

Proposta de moción grupo municipal PSdG-PSOE (núm. Rexistro de entrada 2024- E-RPLN-10 de 15.05.2024), da que se deu conta en Xunta de Portavoces con data 16.05.2024:

“... ”

“4.- DAR CONTA DAS MOCIÓNS PRESENTADAS NO SEU CASO. Dáse conta da presentación no Rexistro Xeral do concello dos seguintes escritos de moción ata o día da convocatoria:

4.1º.- Proposta de moción grupo municipal PSdG-PSOE (núm. Rexistro de entrada 2024- E-RPLN-10 de 15.05.2024)

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal PSdG- na que tras unha exposición de motivos se eleva á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo:

“... Instamos al gobierno municipal a que a partir del pleno de 29/05/2024 se registren los audios del pleno, sin perjuicio de que puedan también ser grabados en video conforme a las tecnologías disponibles en 2024..”

A Xunta de Portavoces da por realizado o trámite para que sexa elevada a consideración do Pleno.”

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Dá lectura á moción.
<b>Portavoz BNG</b>	Valoran esta moción e queren facer unha emenda de forma que engadan o acceso na web municipal.
<b>Portavoz PP</b>	Agradece a mención do BNG e explica que agora tamén se publican no portal de transparencia. Máis quere falar da normativa e no art. 54 ROM indica cá é o contido da acta. E non se trata dun acto illado xa que no mesmo sentido se pronuncia o artigo 109 ROF. Polo que sí se está a cumprir coa normativa máis antes existía un empregado público que transcribía en acta todo o que se dicía. Xa no ano 2022 se licitou un contrato que quedou deserto e agora se está a tramitar unha modificación de crédito para paliar os deficiencias de medios que existen. En canto aos actos de fiscalización, teñen a súa disposición actas, resolucións, rexistros xerais etc. Manifesta a oposición do seu





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

	grupo co obxecto da moción polo traballo que xa se está a facer.
--	--

### Segunda quenda de intervencións

<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Aceptan a emenda do BNG. Sabe que se está a cumprir coa legalidade e a acta recolle todo o que debe e non é obrigarorio segundo o ROM que o a sesión se grabe. O que lle sorprende é a actitude do goberno de non por fin á situación de precariedade de medios e voten en contra da moción.
<b>Portavoz PP</b>	Non indicou que non se cumprise coa legalidade e resalta a contradicción na que incorre o escrito de moción xa que por unha banda está a indicar que se cumpre coa normativa e por outra que a opacidade do goberno lles impide levar a cabo a súa labor de control e fiscalización.  En canto á posible negativa á prestar aprobación a una modificación que crédito que se teña que tramitar para acometer a inversión, apela aos antecedentes previos nos que o grupo municipal PSdG-PSOE votou en contrato da tramitación da Modificación de crédito para efectuar actuacións no parque da San Xoán. Polo que ten moitas dúbidas da súa posición.
<b>Alcalde</b>	Non considera que exista opacidade por parte do goberno local, pasando a repasar novamente todos os antecedentes das actuacións que se están a desenvolver para emendar a situación actual.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Aclara que o que non van a aprobar son recoñecementos extraxudiciais de crédito e aquelas que ampren malas prácticas do concello. Levan nove meses traballando e deberían telo feito antes de que se presentase a moción.
<b>Alcalde</b>	Pide que poda ter en conta a data dos orzamentos solicitados ás empresas.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	<b>PP (5)</b>	<b>BNG (3)</b>	<b>PSdG-PSOE (3)</b>	<b>EU (2)</b>
<b>Sentido do voto</b>	En contra	A favor	A favor	Abstención

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

**Primeiro.-** Instar ao goberno municipal a que a partir do pleno de 29/05/2024 rexístranse os audios do pleno, sen prexuízo de que poidan tamén ser gravados en vídeo conforme ás tecnoloxías dispoñibles en 2024, poñendo a disposición da veciñanza un enlace directo a través da paxina web municipal.

**5º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE ESQUERDA UNIDA PARA A RECUPERACIÓN DO CASTELO DE A PALMA POLO MINISTERIO E A CONVERSION EN PARADOR DE TURISMO.-**

Proposta de moción presentada pola portavoz do grupo municipal EU con data 20.05.2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1216, no que tras unha ampla exposición de motivos, insta ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“ ...

1) Instar ao Goberno Municipal a que inicie os trámites de denuncia diante da Consellería de Cultura e Patrimonio da Xunta de Galicia polo estado de abandono do Castelo de La Palma e os incumprimentos dos propietarios no mantemento e visitas dun BIC.

2) Que o Goberno Municipal ante o total abandono e deterioro inste ao Ministerio de Defensa a que execute o seu dereito de retracto e tanteo e recupere a propiedade do Castelo. para a súa conversión, tralos trámites oportunos nun Parador Nacional de Turismo dada a singularidade do edificio e o seu emprazamento.

4) Intar ao Gobernos Municipal para que eleve esta proposta a Deputación de A Coruña e a Xunta de Galicia para obter a súa colaboración e implicación na recuperación dun Bien de Interés Cultural actualmente en perigo de desaparición.”

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Portavoz EU</b>	Indica que está contenta de que o BNG se sume á moción como indicarán. Explica o sentido da moción e da lectura aos seus pronunciamentos.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	De acordo con a recuperación do Castelo e que se cumpra co réxime de visitas como BIC. E que a Xunta ordee aos propietarios que o manteñan en debidas condicións.  Respecto á posibilidade de que sexa dicado a Parador, indic que hai tres xa na provincia e debería ser a Xunta a que iniciase tal proceso. O inmovible ten propietario e vai a facer un hotel, polo que consideran que a solución máis viable a curto prazo é que executen o proxecto.
<b>Portavoz BNG</b>	Se suman á moción. Pensan tamén que se trata dun BIC en





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

	perigo de selo e ademáis implica un perigo para as propias visitas e por iso é necesario esixir que se cumpra coa súa conservación e co réxime de visitas. E este tamén sería un tema de mandato e de lexislatura.
--	--

### Segunda quenda de intervencións

<b>Portavoz EU</b>	Inciden en que se trata dun problema de futuro para o concello. Na cercada entidade de Betanzos se está a buscar terreos para que se execute un novo Parador. Destaca o valor patrimonial do Castelo e pese a desafectación do Ministerio e compra por particulares, o seu estado segue igual. Fundamenta a súa petición na normativa sobre patrimonio cultural para que o Estado faga uso da opción de tanteo e retracto de xeito que sendo Parador non saía do patrimonio nacional. E en tanto reitera que se adopten as restantes medidas previstas na moción.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Descoñece a veracidade da información de que as persoas propietarias queren vender e das conversas que EU ou o Alcalde podan ter. Polo que non ten moito sentido indicarlle ao Ministerio que compre un Castelo que non está en compra. Polo que o punto primeiro o aproban e se se publicita que está en venta que o compre quen considere oportuno.
<b>Portavoz PP</b>	É un dos símbolos do concello de Mugardos, patrimonio común pese a teña propietario privado. Falouse en distintos órganos colexiados estudar esta proposta e a trasladarán á Comisión Informativa de Urbanismo e a todos os actores que podan estar interesados para acordar unha folla dde ruta clara. Durante todos estes anos con independencia de quen ostentase o goberno, as actuacións non arrancan. Engade que o Presidente da Deputación sinalou que hai que expropiar o Castelo e por iso interpreta que grupo PSdG-PSOE apoiará a moción.
<b>EU</b>	O Ministerio é o que ten os cartos e quen pode exercer este dereito de opción de compra. Quere que se deixe clara a intención da corporación de preservar este ben.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	<b>PP</b> (5)	<b>BNG</b> (3)	<b>PSdG-PSOE</b> (3)	<b>EU</b> (2)
------------------------	------------------	-------------------	-------------------------	------------------

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	Abstención	A favor

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno Municipal a que inicie os trámites de denuncia diante da Consellería de Cultura e Patrimonio da Xunta de Galicia polo estado de abandono do Castelo de La Palma e os incumprimentos dos propietarios no mantemento e visitas dun BIC.

**Segundo.-** Que o Goberno Municipal ante o total abandono e deterioro inste ao Ministerio de Defensa a que execute o seu dereito de retracto e tanteo e recupere a propiedade do Castelo. para a súa conversión, tralos trámites oportunos nun Parador Nacional de Turismo dada a singularidade do edificio e o seu emprazamento.

**Terceiro.-** Intar ao Gobernos Municipal para que eleve esta proposta a Deputación de A Coruña e a Xunta de Galicia para obter a súa colaboración e implicación na recuperación dun Bien de Interés Cultural actualmente en perigo de desaparición.”

**6º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN CONXUNTA PRESENTADA POLOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DE ESQUERDA UNIDA SOBRE SOLUCIÓNS Á MOBILIDADE NO NÚCLEO DO SEIXO: APARCADOIRO E CIRCULACIÓN.-**

Proposta de moción presentada pola portavoz do grupo municipal BNG con data 20.05.2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1216, no que tras unha ampla exposición de motivos, insta ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

“... ”

**PROPOSTA DE ACORDO:**

1. Instar ao Goberno Municipal á busca de solucións efectivas que melloren a circulación vial no tramo de vía da Avenida do Seixo, que facilite o desenvolvemento da vida cotiá da veciñanza.
2. Instar ao Goberno Municipal para que negocie co arciprestado de Santiago, unha posible cesión dos terreos aledaños á casa natal de Bello Piñeiro para habilitar un espazo de estacionamento.
3. Instar ao Goberno Municipal para a busca alternativa de espazos en cesión ou alugueiro para habilitar o estacionamento de vehículos.”

**Primeira quenda de intervencións**





Concello de Mugar dos  
(A Coruña)

<b>Portavoz BNG</b>	Como todo o mundo se equivoca quere correxir ao portavoz do grupo PP cando indicou previamente que a segunda estrela a conseguiran pola esposa dun rei. Esa foi a primeira en 1690 e quere que conste en acta. Explica o sentido da moción e pese a estar consensuada con EU estima que debe ser un asuntos de todos. E pasa a dar lectura á moción.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Totalmente a favor de buscar unha solución ao tráfico e estacionamento en O Seixo. Cedida fai dous anos para efectuar as obras de humanización por parte do concello e imaxina que estará xa moi cerca no tempo. Quere que aclare o punto da cesión dos terreos tras un previo posicionamento en sentido contrario. E lembra que cunha moción en parecidos termos, os grupos PP e EU votaron en contra. Considera que o concello debe facerse cunha cesión de longa duración na que se poda realizar unha inversión. Polo que non están de acordo cunha cesión temporal dos terreos para a tempada estival. Van a votar a favor pero piden aclaracións o grupo municipal EU sobre o cambio de postura.
<b>Portavoz PP</b>	Van a apoiar a moción. Por moito que se leven a cabo actos de humanización existe un problema de espazo. A postura do goberno é que sexa en propiedade para quede para todos. Como a proposta desliga a parcela da casa van a votar a favor xa que é o que se pode asumir e a casa vai aparte.
<b>Alcalde</b>	A parcela do casino é deles.

### Segunda quenda de intervencións

<b>Portavoz EU</b>	Lembra diferentes antecedentes para motivar o posicionamento do seu grupo. No ano 2020 existía unha valoración de compra e outra taxación por parte do Arcebispado. A alternativa subscitou o voto en contra dos grupos PP e PSdG-PSOE. A última das propostas foi a moción presentada polo grupo PSdG-PSOE de cesión da Casa Bello Piñeiro. Primeiro é o aparcamento e despois avanzar coa casa e cun espazo de lecer para toda a veciñanza.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	A compra nalquel entón non era o máis adecuado e existían outras inversións como a da biblioteca municipal. En canto á casa e terreno, o propio é a cesión de todo, sen que estime que o Arcebispado vaia a estar de acordo cunha





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

	doazón.
<b>Portavoz BNG</b>	As formas de negocio xurídico citadas no escrito de moción é por dar solucións para facer un bo aparcamento e están pensadas a curto, medio e longo prazo.
<b>Portavoz PP</b>	Por en valor da casa é unha importante inversión máis o seu grupo está a favor do aparcamento e coincide en que se trata dun proxecto de mandato.
<b>BNG</b>	Agradecen o apoio e canto antes mellor

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Instar ao Goberno Municipal á busca de solucións efectivas que melloren a circulación vial no tramo de vía da Avenida do Seixo, que facilite o desenvolvemento da vida cotiá da veciñanza.

**Segundo.-** Instar ao Goberno Municipal para que negocie co arciprestado de Santiago, unha posible cesión dos terreos aledáños á casa natal de Bello Piñeiro para habilitar un espazo de estacionamento.

**Terceiro.-** Instar ao Goberno Municipal para a busca alternativa de espazos en cesión ou alugueiro para habilitar o estacionamento de vehículos

**7º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A MELLORA DA COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL E AXENDA CULTURAL.-** Proposta de moción presentada pola portavoz do grupo municipal BNG con data 22.05.2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-1231 , no que tras unha ampla exposición de motivos, insta ao Pleno a adopción do seguinte acordo:  
“...

Por todo o exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte acordo:







**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

1. Instar ao goberno municipal a establecer unha «Axenda cultural de fin de semana» que recompila e promova a través das canles municipais, cunha periodicidade regular que poida xerar hábito de consulta na poboación, todos os eventos dos que o Concello teña coñecemento.
2. Fomentar a incorporación de novas sociedades a esta Axenda, garantindo a igualdade de oportunidades e promovendo unha comunicación fluída e eficaz entre elas e o Concello.
3. Garantir a igualdade no tratamento da información das distintas sociedades do noso municipio para garantir que a Axenda cultural reflicta a diversidade e a riqueza das actividades que se organizan, contribuíndo así ao fortalecemento do tecido cultural de Mugardos.

...”.

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Portavoz BNG</b>	Se trata de aportar ideas e con tal finalidade se presenta a moción que non quere se interprete como un ataque, pasando á súa lectura.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	O seu grupo vai a apoiar a moción e consideran moi importante que o goberno a leve a cabo.
<b>Portavoz PP</b>	Adianta o voto a favor do seu grupo. O que se publica en Mugardos en liña é o que se envía ao concello e a sensación de discriminación é por que non todas mandan a información. Hai unha comunicación do mes de abril da concelleira delegada de área dirixida a tal fin. E procede a dar lectura ao correo remitido. Agradece a moción polo sentido constructivo que ten.
<b>Alcalde</b>	Hai actividades ás que non se lle da difusión por que tan só está dirixida aos seus socios.
<b>Portavoz BNG</b>	Tamén que se publiquen a convocatoria das sesións plenarias en Mugardos en liña agradecendo que saia aidaante.

Rematadas as intervencións e sometido a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	<b>PP</b> (5)	<b>BNG</b> (3)	<b>PSdG-PSOE</b> (3)	<b>EU</b> (2)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	A favor





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

En atención ao resultado acadado, de conformidade co establecido no art. 22 e 47.1º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Instar ao goberno municipal a establecer unha «Axenda cultural de fin de semana» que recompile e promova a través das canles municipais, cunha periodicidade regular que poida xerar hábito de consulta na poboación, todos os eventos dos que o Concello teña coñecemento.

**Segundo.-** Fomentar a incorporación de novas sociedades a esta Axenda, garantindo a igualdade de oportunidades e promovendo unha comunicación fluída e eficaz entre elas e o Concello.

**Terceiro.-** Garantir a igualdade no tratamento da información das distintas sociedades do noso municipio para garantir que a Axenda cultural reflicta a diversidade e a riqueza das actividades que se organizan, contribuíndo así ao fortalecemento do tecido cultural de Mugardos.

## **8º.- SECRETARÍA.- MOCIÓN URXENTES.**

Non se formulan.

## **9º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.-** Dáse lectura pola secretaria á dilixencia asinada con data :

“EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Pendente de visado polo Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, téndose recibido, con data 31.10.2023, requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal, téndose emitido informe pola psicóloga municipal en data 16.01.2024, sobre a adaptación do regulamento de réxime interior ás Normas de funcionamento da Escola Infantil Municipal, e informe xurídico pola secretaria da corporación en data 09.02.2024, e téndose elevado o expediente á comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade na sesión celebrada en data 15.02.2024 para a toma en consideración das normas de funcionamento da EIM As Lagoas visadas pola Xunta de Galicia; téndose recibido, con data 15.04.2024, novo requirimento de corrección das normas de funcionamento da escola infantil municipal.

**MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A PROPOSTA DE IMPULSO SOBRE AS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE BEIRAMAR, NO SEIXO.** Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

mediante Providencia do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior o inicio dos trámites necesarios para formalización dun novo convenio ou negocio xurídico máis adecuado que así se sinala en informe para poder dar continuidade ao uso público en condicións de seguridade xurídica de data 20.09.2023, téndose emitido informes pola secretaria municipal en datas 28.09.2023 e 16.01.2024. Así mesmo pola Sociedade Amigos da Paisaxe Galega tense presentado escrito de alegacións ao contrato de préstamo de uso entre a Sociedade e o Concello, téndose emitido novo informe pola secretaria municipal en data 06.03.2024, e téndose requirido á Asociación a aportación ao expediente de documentación xustificativa e ao redactor do proxecto da obra incluída no POS+ adicional 2/2021 a emisión de informe onde se reflecta á vida útil das obras contempladas no proxecto.

**MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE MODIFICACIÓN DO USO DA ESCOLA UNITARIA DE O SEIXO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES.** Uniuse certificación do acordo ao expediente, ordeándose mediante Providencia de Alcaldía a continuación da tramitación para solicitar a efectiva desafectación da EEI así como a emisión de informe da traballadora social e arquitecta municipal para os efectos de verificar a aptitude urbanística do posible destino a un uso asistencial público para persoas maiores.

**EXPEDIENTE 197/2023.- SOLICITUDE DE AXUDA PERTE PROXECTOS DE MELLORA DA EFICIENCIA DO CICLO URBANO (PERTE DIXITALIZACIÓN DO CICLO DA AUGA), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILENCIA. 2ª CONVOCATORIA AGOSTO 2023 (BOE Nº 183 DE 2 DE AGOSTO DE 2023).** Pola Secretaría de Estado de Medio Ambiente tense requirido a subsanación das deficiencias padecidas na documentación presentada polo Concello de Fene e de Mugardos na solicitude de axuda; téndose aportado polo Concello de Mugardos a documentación necesaria para subsanar as deficiencias padecidas.

**EXPEDIENTE 848/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2024.** Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2024”, téndose requirido pola Deputación Provincial da Coruña a subsanación das deficiencias padecidas no Anexo I da documentación presentada para a participación no Plan e no proxecto e Anexo V correspondentes á obra de “Mellora da envolvente térmica na Casa da Cultura de Mugardos”.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

EXPEDIENTE 2506/2023. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2024 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS”. Uniuse certificación do acordo ao expediente e presentouse a solicitude de participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2024 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios; téndose requirido pola Deputación Provincial da Coruña a subsanación das deficiencias padecidas na documentación presentada coa solicitude de participación no Plan, subsanación que se ten levado a cabo mediante acordos adoptados polo Pleno da Corporación nas sesións celebradas en data 28.02.2024 e 24.04.2024.

EXPEDIENTE 586/2024. PLANS DE CALIDADE AMBIENTAL. ADHESIÓN Á REDE DE PRAIAS SEN FUME. Uniuse certificación do acordo ao expediente téndose remitido, xunto coa información requirida, solicitude de adhesión permanente á Rede Galega de Praias Sen Fume para o areal de Bestarruza.

POS+ ADICIONAL 2/2023. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS: RÚA CASÁS E SIMOU. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse o proxecto modificado á Deputación Provincial de A Coruña; téndose aprobado definitivamente a inclusión deste investimento dentro do Plan por acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de A Coruña na sesión ordinaria celebra o 26 de abril de 2024.

EXPEDIENTE 643/2024.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2024-0318 DE DATA 20.03.2024, SOBRE ADHESIÓN AO PROXECTO DE TRANSFORMACIÓN DIXITAL DO PADRÓN DAS ENTIDADES LOCAIS. Uniuse certificación do acordo ao expediente.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG ASUMINDO COMO PROPIA A PROPOSTA-MOCIÓN PRESENTADA POLA CIG SOBRE “PROPOSTAS DA CIG NA CAMPAÑA STOP PRECARIIDADE, TRABALLO DIGNO. Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado do acordo á Presidencia da Xunta de Galicia e á Presidencia do Goberno de España.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE PLAN ECONÓMICO DO GOBERNO PARA AFRONTAR AS FACTURAS SEN PAGAR. Uniuse certificación do acordo ao expediente. e remitiuse á Concelleira da Área de Facenda e Promoción Económica copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O MERCADO MUNICIPAL. Uniuse certificación do acordo ao expediente. e remitiuse á Concelleira da Área de Facenda e Promoción Económica e ao Concelleiro da Área de Obras, Servizos, Medioambiente e TIC's copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.

EXPEDIENTE 742/2024. MC 04/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITOS. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 92 de 13 de maio de 2024; téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

EXPEDIENTE 746/2024. MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MC 05/2024, DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 92 de 13 de maio de 2024; téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

EXPEDIENTE 743/2024. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL N.º 30, REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA FESTA GASTRONÓMICA DO POLBO. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente, abríndose un prazo de exposición ao público tras a inserción de anuncio no BOP nº 87 de 6 de maio de 2024; téndose así mesmo publicado anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e no Portal de Transparencia do Concello.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A CONSTRUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA ESTRADA DP-3504. Uniuse certificación do acordo adoptado ao expediente.”

**10º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2024-0453 AO 2024-0595.**

O Pleno da por realizado o trámite.

**11º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

ROGOS	
Portavoz EU	Que se trate o servizo de madrugadores e comedor escolar no Centro de Franza. Compra de contenedores máis tamen que





Concello de Mugar dos  
(A Coruña)

	se limpen antes do verán
<b>Portavoz PS</b>	Se indiquen datas de cobro dos recibos de auga e lixo. Servizos de acceso á praia se acometan canto antes.
<b>Portavoz BNG</b>	<p>Roga que se informe sobre o uso e xestión de Facebook nos que se están vetando porque critica a xestión máis non son irrespetuosos. E solicitan o protocolo de xestión.</p> <p>Este tema tamén está denunciado no Valedor do pobo que lle deu trámite. Polo que de existir un protocolo que traslade á Comisión Inforamtiva e de non existir que se xestione e se debloquee ao veciño.</p> <p>Van a instar ao goberno que poña o mesmo aínco para que se publicite á veciñanza o padrón fiscal.</p> <p>Tendo constancia de que o ano pasado se aprobou unha moción sobre o transporte que é moi importante no concello que se traslade na Comisión Informativa as actuacións que están levando a cabo polo goberno</p>
	<p>Portavoz PP</p> <p>As incidencias e problemas no transporte se trataron na Mancomunidade e cada Entidade está a actuar pola súa banda.O concello remte todas as queixas á Xunta. Cando se aproba a delegación na Deputación da xestión recadatoria se desaparecerán os problemas fiscais.</p>
<b>PREGUNTAS</b>	





**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as nove horas e trece minutos minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que conta cun soporte de grabación en audio cuxa pegada dixital é:

566C3AA50A5842EBD8B08F28E95A24118540EC414A48B4B03F6BF86560A6957A

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

